CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
09 SEP. 2024 11:56:12
Entrada 37192

Sobre a siituación da frota galega do cerco e de artes menores diante da falta de cota de sardiña

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado

Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do estabelecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á situación da frota galega do cerco e de artes menores diante da falta de cota de sardiña.**

O cerco galego ten vivido graves crises nas últimas décadas, mais a situación que sufre actualmente tampouco é de menor gravidade e a frota está nun punto moi comprometido, arrastrando a escaseza das principais especies peláxicas nos últimos anos, enfrontando custos imposíbeis de cubrir por mor das cada vez menores cotas asignadas e aturando prezos en orixe á baixa en moitas ocasións.

Ao anterior hai que engadir a errática actuación das administracións que amosan, por acción ou por omisión, un desinterese inconcibíbel de cara ao sector primario e á pesca como subministradora de alimentos e como sostén da economía de comarcas enteiras do noso país.

Así, por exemplo, despois de que o ano 2022 tivese a cifra máis baixa de vendas de xurelo da última década (só 15.800 Tn.), no 2023 o Ministerio e Pesca estabeleceu un paro biolóxico que deixou fóra aos arrastreiros e ás artes menores e que aplicou unhas condicións totalmente ruíns para o cerco máis dependente do xurelo. Mais nin así, o MAPA foi quen de aboar, a día de hoxe, as cantidades que lle correspondían aos afectados, segundo eles mesmos denuncian.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
09 SEP. 2024 11:56:12
Entrada 37192

As distintas administración tampouco teñen en conta os principios xerais polos que se rexe a actividade pesqueira, entre os que figuran a sustentabilidade económica e o fomento do emprego, ou a función social da pesca, ditando medidas para apoiar a súa importancia na sustentabilidade ambiental, económica e social e a súa contribución á soberanía alimentaria. Ou, por exemplo, considerando o estabelecido pola sentenza de 11 de xaneiro deste ano, do Tribunal de Xustiza da UE, que recoñece claramente a importancia de atender as cuestións sociais e económicas e non só as medioambientais á hora da fixación das cotas nas distintas especies porque, do contrario, estaríase a contribuír á paralización da frota.

E isto é precisamente o que está a ocorrer no caso do cerco galego. No ano 2023 houbo un brutal recorte do xurelo do Cantábrico e Noroeste (un 95% respecto ao ano anterior, pasando de 70.000 Tn. no 2022 a 3.200 en 2023 e unicamente para a pesca accidental). É evidente que, ademais do cerco, as artes menores viron tamén moi minguada a súa actividade e só puideron desembarcar 30 quilos de xurelo por barco á semana.

Sobre o impacto dos millóns de euros que tiveron esas limitacións, neste 2024, e tamén para o 2025 segundo o prognostico do ICES, mantense o TAC de apenas 2.000 Tn. na zona 8c.

Por outra parte, as capturas de xarda continúan en descenso desde hai tres anos e a campaña do bocarte xa pechou en agosto de Fisterra para o norte, todos eles motivos decisivos para unha dependencia moito maior da sardiña, tanto no caso do cerco como das artes menores.

Unha especie, a sardiña, que, malia recuperación da biomasa, que está por enriba do límite recomendado para garantir a súa supervivencia, só garante no 2024 no Cantábrico e Noroeste un total de 8.317 Tn., 11.000 menos que no 2023 e que, após o malogrado intento de intercambio de cota con Portugal, está a pór nunha situación moi delicada á frota, que xa tiña esgotado a súa cota en agosto.

09 SEP. 2024 11:56:12 Entrada: 37192

Diante desta conxuntura, nas últimas semanas fíxose máis evidente que nunca a urxencia de que se leven a cabo estudos que amosen a verdadeira situación non só dos stocks de sardiña, senón tamén do xurelo, da xarda e do bocarte para un rigoroso estabelecemento do TAC en cada caso e, como consecuencia, para unha maior planificación do sector que permita a súa viabilidade a longo prazo

Así mesmo, quedou patente o desigual reparto de cota de sardiña entre o Estado español e Portugal, que asigna 33% ao primeiro cun total de máis de 300 cerqueiros (uns 150 na Galiza) e 67% ao segundo, con 110 barcos censados no 2022

Tamén é preciso de forma imperiosa acometer a revisión da regra de explotación incorporada no plan de xestión da sardiña elaborada entre os dous Estados, tal e como xa foi feito público polas autoridades do MAPA no mes de abril, que permitiría poder aumentar as posibilidades de pesca en 2025

Por último, debe terse en conta que a desequilibrada e inxusta distribución que fai o Estado entre as distintas zonas obriga sistematicamente ao cerco galego a mercar cota na zona 9ª, de Fisterra ao Golfo de Cádiz, e deixa á frota de artes menores sen posibilidades de pesca.

Tendo en conta que neste ano ao Cantábrico e Noroeste correspondéronlle 8.130 Tn. de sardiña para máis de 200 cerqueiros da Galiza (150), Asturias, Cantabria e Euskadi e ao Golfo de Cádiz, con 76 barcos, 6.340 Tn., o Estado debería facer outro tipo de reparto e aumentar a cota de quen ten máis frota, máis tripulantes e quen máis pesca.

Neste momento, de querer seguir pescando sardiña, os barcos galegos do cerco teñen, necesariamente, que mercar cota aos armadores do Golfo de Cádiz que, a diferenza da Galiza ou de Euskadi, xestionan de xeito individual e poden transferila (na práctica, vendela) a outras frotas, o que abre a porta á especulación dun ben público por parte de particulares.

09 SEP. 2024 11:56:12 Entrada: 37192

Segundo ACERGA, a asociación maioritaria do cerco galego, só a súa entidade merca cada ano 4.000 Tn. de cota do Golfo de Cádiz.

As últimas campañas demostraron a ineficacia da "bolsa común" que, existindo xa para a xarda ou o xurelo, púxose por primeira vez en funcionamento para a sardiña no 2023 para optimizar a súa xestión. Mais, as cotas que se venden xa non pasan a formar parte deste mecanismo que se convoca no mes de outubro e, polo tanto, só se podería repartir o excedente do sur que non se teña consumido pola propia frota do Golfo de Cádiz e que tampouco se vendese ao Cantábrico e Noroeste.

No caso deste ano, onde a frota galega esgotou a súa cota en agosto, con máis antelación que noutros anos, puidérase dar o caso de que ao chegar outubro non haxa sardiña que incorporar á bolsa común. É dicir, poderían mercar toda a cota sobrante do Golfo de Cádiz antes de ter acceso a ela no reparto gratuíto do MAPA coa agravante, ademais, de que quedarían excluídos da bolsa todos aqueles buques máis pequenos que non tiveran posibilidade de compra.

En definitiva, unha xestión manifestamente mellorábel por parte das administracións competentes que deberían ter como obxectivo o impulso, e non a destrución, dunha frota sustentábel e que xera miles de postos de traballo directos e indirectos.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Que accións vai despregar o Goberno do Estado diante dos organismos competentes da UE para evitar o amarre da frota do cerco galego e o impacto negativo na frota de artes menores diante da falta de cota de sardiña?

2. Que valoración fai o Goberno da situación que están a vivir as frotas do cerco e de artes menores da Galiza diante da falta de cota de sardiña?

09 SEP. 2024 11:56:12 Entrada: 37192

Que medidas ten levado e vai levar a cabo para evitar o seu amarre e a perda de postos de traballo que xa se está a producir?

3. Realizará os estudos que determinen a situación real dos stocks de sardiña, xurelo, xarda e bocarte para un estabelecemento acorde dos TAC en cada caso e que permitan a planificación do sector e a súa viabilidade a longo prazo?

4. Desenvolverá de acordo co sector e coa Xunta de Galiza medidas que poñan en valor a calidade dos produtos pesqueiros galegos e permitan manter uns prezos rendíbeis en orixe aos seus produtores?

5. Procederá a executar de forma inmediata o pagamento das axudas do 2023 polo paro biolóxico do xurelo.

6. Intensificará as negociacións co Estado portugués co obxectivo de conseguir cota mediante intercambios, tal e como viña ocorrendo até o de agora?

7. Negociará o Goberno do Estado un reparto equitativo da cota da sardiña entre os estados portugués e español tendo en conta, de cara ao novo acordo bilateral, o número de buques e de tripulantes de cada un deles?

8. Revisará a regra de explotación do plan de xestión da sardiña de xeito que permita aumentar as posibilidades de pesca para 2025?

9. Estabelecerá unha nova distribución da cota de sardiña, equilibrada e xusta entre as distintas zonas do Estado español tendo en conta o número de barcos e de tripulantes en cada caso e que permita eliminar o perverso sistema de transferencia/venta do ben público que constitúen os recursos pesqueiros entre elas?

09 SEP. 2024 11:56:12 Entrada: 37192

10. Convocará de inmediato a bolsa común da sardiña, de xeito que se evite a especulación a través da venda de cotas e se facilite a chegada do excedente a todos os buques que a necesiten?

11. Demandará da UE, de cara á negociación de cotas para 2025 no vindeiro mes de decembro, o cumprimento da sentenza do 11 de xaneiro do 2024, do Tribunal de Xustiza da UE, para que se atendan, ademais de aos efectos medioambientais, ás consecuencias sociais e económicas á hora de fixar as cotas das distintas especies?

Madrid, a 9 de setembro de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso

09 SEP. 2024 11:56:12 Entrada: 37192

A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la situación de la flota gallega del cerco y de artes menores delante de la falta de cuota de sardina**.

El cerco gallego ha vivido graves crisis en las últimas décadas, pero la situación que sufre actualmente no es de menor gravedad y la flota está en un punto muy comprometido, arrastrando la escasez de las principales especies pelágicas en los últimos años, enfrentando costes imposibles de cubrir a causa de las cada vez menores cuotas asignadas y aguantando precios en origen a la baja en muchas ocasiones.

A lo anterior hay que añadir la errática actuación de las administraciones que muestran, por acción o por omisión, un desinterés inconcebible de cara al sector primario y a la pesca como suministradora de alimentos y como sostén de la economía de comarcas enteras de nuestro país.

Así, por ejemplo, después de que el año 2022 hubiese registrado la cifra más baja de ventas de jurel de la última década (solo 15.800 Tn.), en el 2023 el Ministerio y Pesca estableció un paro biológico que dejó fuera a los arrastreros y a las artes menores y que aplicó unas condiciones totalmente cicateras para el cerco más dependiente del jurel. Pero ni aun así, el MAPA fue quien de abonar, a día de hoy, las cantidades que le correspondían a los afectados, según ellos mismos denuncian.

09 SEP. 2024 11:56:12 Entrada: 37192

Las distintas administraciones tampoco tienen en cuenta los principios generales por los que se rige la actividad pesquera, entre los que figuran la sostenibilidad económica y el fomento del empleo, o la función social de la pesca, dictando medidas para apoyar su importancia en la sostenibilidad ambiental, económica y social y su contribución a la soberanía alimentaria. O, por ejemplo, considerando lo establecido por la sentencia de 11 de enero de este año, del Tribunal de Justicia de la UE, que reconoce claramente la importancia de atender las cuestiones sociales y económicas y no solo las medioambientales a la hora de la fijación de las cuotas en las distintas especies porque, de lo contrario, se estaría contribuyendo a la paralización de la flota.

Y esto es precisamente lo que está ocurriendo en el caso del cerco gallego. En el año 2023 hubo un brutal recorte del jurel del Cantábrico y Noroeste (un 95% respeto al año anterior, pasando de 70.000 Tn. en el 2022 a 3.200 en 2023 y únicamente para la pesca accidental). Es evidente que, además del cerco, las artes menores vieron también muy mermada su actividad y solo pudieron desembarcar 30 kilos de jurel por barco a la semana.

Sobre el impacto de los millones de euros que tuvieron esas limitaciones, en este 2024, y también para el 2025 según lo pronostico del ICES, se mantiene el TAC de apenas 2.000 Tn. en la zona 8c.

Por otra parte, las capturas de caballa continúan en descenso desde hace tres años y la campaña del bocarte ya cerró en agosto de Fisterra para el norte, todos ellos motivos decisivos para una dependencia mucho mayor de la sardina, tanto en el caso del cerco como de las artes menores.

Una especie, la sardina, que, a pesar de recuperación de la biomasa, que está por encima del límite recomendado para asegurar su supervivencia, solo garantiza en el 2024 en el Cantábrico y Noroeste un total de 8.317 Tn., 11.000 menos que en el 2023 y que, después del malogrado intento de intercambio de cuota con Portugal, está poniendo en una situación muy delicada a la flota, que ya había agotado su cuota en agosto.

09 SEP. 2024 11:56:12 Entrada: 37192

Delante de esta coyuntura, en las últimas semanas se hizo más evidente que nunca la urgencia de que se lleven a cabo estudios que muestren la verdadera situación no solo de los stocks de sardina, sino también del jurel, de la caballa y del bocarte para uno riguroso establecimiento del TAC en cada caso y, como consecuencia, para una mayor planificación del sector que permita su viabilidad a largo plazo

Asimismo, quedó patente el desigual reparto de cuota de sardina entre el Estado español y Portugal, que asigna 33% al primero con un total de más de 300 cerqueros (unos 150 en Galiza) y 67% al segundo, con 110 barcos censados en el 2022.

También es preciso de forma imperiosa acometer la revisión de la regla de explotación incorporada en el plan de gestión de la sardina elaborada entre los dos Estados, tal y como ya fue hecho público por las autoridades del MAPA en el mes de abril, que permitiría poder aumentar las posibilidades de pesca en 2025.

Por último, debe tenerse en cuenta que la desequilibrada e injusta distribución que hace el Estado entre las distintas zonas obliga sistemáticamente al cerco gallego a comprar cuota en la zona 9ª, de Fisterra al Golfo de Cádiz, y deja a la flota de artes menores sin posibilidades de pesca.

Toda vez que en este año al Cantábrico y Noroeste le correspondieron 8.130 Tn. de sardina para más de 200 cerqueros de Galiza (150), Asturias, Cantabria y Euskadi y al Golfo de Cádiz, con 76 barcos, 6.340 Tn., el Estado debería hacer otro tipo de reparto y aumentar la cuota de quien tiene más flota, más tripulantes y quien más pesca.

En este momento, de querer seguir pescando sardina, los barcos gallegos del cerco tienen, necesariamente, que comprar cuota a los armadores del Golfo de Cádiz que, la diferencia de Galiza o de Euskadi, gestionan de manera individual y pueden transferirla (en la práctica, venderla) a otras flotas, lo que abre la puerta a la especulación de un bien público por parte de particulares.

09 SEP. 2024 11:56:12 Entrada: 37192

Según ACERGA, la asociación mayoritaria del cerco gallego, solo su entidad compra cada año 4.000 Tn. de cuota del Golfo de Cádiz.

Las últimas campañas demostraron la ineficacia de la "bolsa común" que, existiendo ya para la caballa o el jurel, se puso por primera vez en funcionamiento para la sardina en el 2023 para optimizar su gestión. Sin embargo, las cuotas que se venden ya no pasan a formar parte de este mecanismo que se convoca en el mes de octubre y, por lo tanto, solo se podría repartir el excedente del sur que no se haya consumido por la propia flota del Golfo de Cádiz y que tampoco se hubiese vendido al Cantábrico y Noroeste.

En el caso de este año, donde la flota gallega agotó su cuota en agosto, con más antelación que en otros años, se podría dar el caso de que al llegar octubre no haya sardina que incorporar a la bolsa común. Es decir, podrían comprar toda la cuota sobrante del Golfo de Cádiz antes de tener acceso a ella en el reparto gratuito del MAPA con la agravante, además, de que quedarían excluidos de la bolsa todos aquellos buques más pequeños que no hubiesen tenido posibilidad de compra.

En definitiva, una gestión manifiestamente mejorable por parte de las administraciones competentes que deberían tener como objetivo el impulso, no la destrucción, de una flota sostenible y que genera miles de puestos de trabajo directos e indirectos.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Qué acciones va a desplegar el Gobierno del Estado delante de los organismos competentes de la UE para evitar el amarre de la flota del cerco gallego y el impacto negativo en la flota de artes menores delante de la falta de cuota de sardina?

2. ¿Qué valoración hace el Gobierno de la situación que están viviendo las flotas del cerco y de artes menores de Galiza delante de la falta de cuota

09 SEP. 2024 11:56:12 Entrada: 37192

de sardina? ¿Qué medidas ha llevado y va a llevar a cabo para evitar su amarre y la pérdida de puestos de trabajo que ya se está produciendo?

3. ¿Realizará los estudios que determinen la situación real de los stocks de sardina, jurel, caballa y bocarte para un establecimiento acorde de los TAC en cada caso y que permitan la planificación del sector y su viabilidad a largo plazo?

4. ¿Desarrollará de acuerdo con el sector medidas que pongan en valor a calidad de los productos pesqueros gallegos y permitan mantener unos precios rentables en origen a sus productores?

5. ¿Procederá a ejecutar de forma inmediata el pago de las ayudas del 2023 por el paro biológico del jurel?

6. ¿Intensificará las negociaciones con el Estado portugués con el objetivo de conseguir cuota mediante intercambios, tal y como venía ocurriendo hasta ahora?

7. ¿Negociará el Gobierno del Estado un reparto equitativo de la cuota de la sardina entre los estados portugués y español teniendo en cuenta, de cara a el nuevo acuerdo bilateral, el número de buques y de tripulantes de cada uno de ellos?

8. ¿Revisará la regla de explotación del plan de gestión de la sardina de manera que permita aumentar las posibilidades de pesca para 2025?

9. ¿Establecerá una nueva distribución de la cuota de sardina, equilibrada y justa entre las distintas zonas del Estado español teniendo en cuenta el número de barcos y de tripulantes en cada caso y que permita eliminar el perverso sistema de transferencia/venta del bien público que constituyen los recursos pesqueros entre ellas?

09 SEP. 2024 11:56:12 Entrada: 37192

10. ¿Convocará de inmediato la bolsa común de la sardina, de manera que se evite la especulación a través de la venta de cuotas y se facilite la llegada del excedente a todos los buques que la necesiten?

11. ¿Demandará de la UE, de cara a la negociación de cuotas para 2025 en el próximo mes de diciembre, el cumplimiento de la sentencia de 11 de enero del 2024, del Tribunal de Justicia de la UE, para que se atiendan, además de a los efectos medioambientales, a las consecuencias sociales y económicas a la hora de fijar las cuotas de las distintas especies?

Madrid, a 9 de septiembre de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso

09 SEP. 2024 11:56:12 Entrada: 37192